

Martes, 14 de novembro de 2023

Núm. 219

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GONDOMAR

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EDUCATIVAS 2023

CONVOCATORIA Y BASES ESPECÍFICAS QUE REGIRÁN LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DEPORTIVAS 2023

BDNS (Identif.): 726251

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/726251>).

1. OBJETO DE LA SUBVENCIÓN

La presente convocatoria tiene por objeto regular el procedimiento de concesión de subvenciones en régimen de libre concurrencia para fomentar el desarrollo de actividades, ejecución de obras o inversiones, adquisición de suministros y otros que persigan la consecución de objetivos exclusivamente de carácter deportivo, o que redunden en beneficio de la colectividad entre los vecinos/as de Gondomar en el ámbito deportivo.

La subvención concedida se destinará en exclusiva a cubrir los gastos directamente relacionados con actividades deportivas, según lo señalado en la presente Base.

2. BASES REGULADORAS

Bases específicas que regirán la concesión de subvenciones para actividades deportivas, aprobadas por Resolución de Alcaldía de 09/11/2023.

3. BENEFICIARIOS/AS

Podrán solicitar las subvenciones reguladas en la presente convocatoria:

- Personas o entidades sin ánimo de lucro que desarrollen actividades de interés municipal, o en beneficio de la colectividad de vecinos/as de Gondomar.
- Agrupaciones de personas físicas o jurídicas, comunidades de bienes o colectivos ciudadanos, y cualquiera otro tipo de unidad económica o patrimonio separado que,



Martes, 14 de novembro de 2023

Núm. 219

aun careciendo de personalidad jurídica, pueda llevar a cabo las actividades objeto de la subvención.

No podrán ser beneficiarios de la presente subvención las personas, asociaciones o entidades que estén incursas en cualquiera de los supuestos del artículo 13 de la LGS., y, en particular, aquellas que no se encuentren al corriente de sus obligaciones fiscales con las distintas Administraciones Públicas y la Seguridad Social.

No podrán ser beneficiarios de la presente subvención las personas, asociaciones o entidades que habían habido formalizado con el Ayuntamiento en el ejercicio en curso un Convenio de colaboración en virtud de la concesión de una subvención nominativa.

No podrán ser beneficiarios de la presente subvención las personas, asociaciones o entidades que entre sus funciones de acuerdo con los Estatutos no sean deportivas.

No podrán ser beneficiarios de la presente subvención las personas, asociaciones o entidades que concurran a otras convocatorias de subvención del Ayuntamiento de Gondomar. En caso de que una misma persona, asociación o entidad concurra a varias subvenciones del Ayuntamiento de Gondomar, se admitirá la solicitud efectuada en la convocatoria directamente vinculada su finalidad según sus estatutos.

4. FINANCIAMIENTO

El crédito presupuestario que financia esta convocatoria es el consignado en la partida 340.48000 del Presupuesto en vigor, hasta un importe total de 20.000,00 €.

El importe de las subvenciones otorgadas no podrá ser de tal cuantía que, aislada o en conjunto con subvenciones o ayudas de otras Administraciones Públicas o de otros Entes Públicos o privados, supere el coste total de la actividad a desarrollar por el beneficiario.

En ningún caso el coste de los bienes o actividades subvencionados, podrá ser superior al valor de mercado.

La información contable relativa a la ejecución de las distintas aplicaciones presupuestarias de subvenciones/ayudas será expuesta al público trimestralmente en el portal de transparencia en la página web del Ayuntamiento de Gondomar.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Las solicitudes de subvención se formularán en el modelo que figura como Anexo I a estas Bases, irán dirigidas al Alcalde-Presidente, y serán presentadas durante el plazo de DIEZ DÍAS NATURALES a contar desde el día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el BOPP, en el Registro General del ayuntamiento, por correo certificado o a través del registro electrónico con el DNI electrónico o certificado digital así como a través de cualquiera de los medios recogidos en el artículo 16 de la Ley 39/2015, de 01 de octubre, del procedimiento administrativo común.



Martes, 14 de novembro de 2023

Núm. 219

Una misma entidad no podrá presentar más de una solicitud.

La información, descarga de instancias e tramitación electrónica da presente convocatoria está disponible en la página oficial de la Sede Electrónica del Ayuntamiento de Gondomar (<https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/info.0>)

Gondomar, 09/11/2023

Juan Francisco Ferreira González

ALCALDE-PRESIDENTE



Martes, 14 de novembro de 2023

Núm. 219

*CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN
DE SUBVENCÍONS DEPORTIVAS 2023*

BDNS (Identif.): 726251

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/726251>).

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A presente convocatoria ten por obxecto regula-lo procedemento de concesión de subvencións en réxime de libre concorrència para fomenta-lo desenvolvemento de actividades, execución de obras ou investimentos, adquisición de subministros e outros que persigan a consecución de obxectivos exclusivamente de carácter deportivo, ou que redunden en beneficio da colectividade entre os veciños/as de Gondomar no ámbito deportivo.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados con actividades deportivas, segundo o sinalado na presente Base.

2. BASES REGULADORAS

Bases específicas que rexerán a concesión de subvencións dirixidas para actividades deportivas, aprobadas por Resolución de Alcaldía de 09/11/2023.

3. BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicita-las subvencións reguladas na presente convocatoria:

- Persoas ou entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades de interese municipal, ou en beneficio da colectividade de veciños/as de Gondomar.
- Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou colectivos cidadáns, e calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo as actividades obxecto da subvención.

Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que estean incursoas en calquera dos supostos do artigo 13 da LXS., e, en particular, aquelas que non se atopen ó corrente das súas obrigas fiscais coas distintas Administracións Públicas e a Seguridade Social.

Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que houberan formalizado co Concello no exercicio en curso un Convenio de colaboración en virtude da concesión dunha subvención nominativa.



Martes, 14 de novembro de 2023

Núm. 219

Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que entre as súas funcións de acordo cos Estatutos non sexan deportivas.

Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que concorran a outras convocatorias de subvención do Concello de Gondomar. No caso de que unha mesma persoa, asociación ou entidade concorra a varias subvencións do Concello de Gondomar, admitirase a solicitude efectuada na convocatoria directamente vinculada a súa finalidade segundo os seus estatutos.

4. FINANCIAMENTO

O crédito orzamentario que financia esta convocatoria é o consignado na partida 340.48000 do Orzamento en vigor, ata un importe total de 20.000,00 €.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou de outros Entes Públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

En ningún caso o custo dos bens ou actividades subvencionados, poderá ser superior ó valor de mercado.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello de Gondomar.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de subvención formularanse no modelo que figura como Anexo I a estas Bases, irán dirixidas ó Alcalde-Presidente, e serán presentadas durante o prazo de DEZ DÍAS NATURAIS a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPP, no Rexistro Xeral do concello, por correo certificado ou a través do rexistro electrónico co DNI electrónico ou certificado dixital así como a través de calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común.

Unha mesma entidade non poderá presentar máis dunha solicitude.

A información, descarga de instancias e tramitación electrónica da presente convocatoria está dispoñible na páxina oficial da Sede Electrónica do Concello de Gondomar (<https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/info.0>)

Gondomar, 09/11/2023

Juan Francisco Ferreira González

ALCALDE-PRESIDENTE

